



Federación Galega de Ximnasia

(ESTADIO DO COUTO) Rúa Carlos Maside s/n 32002 OURENSE Tlf. 988 238 999
www.ximnasia.com - info@ximnasia.com



ACTA DE ACORDOS

XUNTA DIRECTIVA

10/12/2016

Asistentes:

Jose Manuel Estévez Feijoo (Presidente)
Pilar Alvarez Rey (Vicepresidenta 1)
Antonio Álvarez Rodríguez (Vicepresidente 2)
Román Vidarte Soto Barrio (Tesoureiro)
Cristina Sánchez Martínez (Secretaría Xeral)
M^a Cristina González Sueiro (Vocal)
Elena Sierra Palmeiro (Vocal)
Pilar Pardo Madarro (Vocal)

En Ourense, nos locais da Federación Galega de Ximnasia situados en rúa Carlos Maside s/n reúnense os membros da Xunta Directiva relacionados ao marxe sendo as 16:00 horas do día 10/12/2016.

ORDE DO DÍA

1º.: Lectura e aprobación da acta anterior.

Procédese a lectura da acta da reunión anterior e ésta é aprobada por unanimidade.

2º.: Modificación Regulamentos F.G.X..

A modificación dos regulamentos ven dada pola necesidade de adecualos á Lei 3/2012 do Deporte de Galicia e aos estatutos modificados en abril de 2016 e ratificados pola Secretaría Xeral para o Deporte o 21 de Setembro de 2016.

Ditos cambios están recollidos no documento Anexo I Regulamentos. A modo de breve resumo indicamos os puntos que sufriron máis variacións:

- No Capítulo I Estamentos. I.I Entidades Deportivas engadimos as Escolas Deportivas recollendo no citado regulamento os seus dereitos e obrigas.
- No Capítulo II Reunión II.2.4. Obrigas dos membros da Xunta Directiva e/ou Comisión Delegada. Engadimos un resumo das normas do bo goberno, cumprindo así as premisas da Lei de Transparencia.
- No Capítulo III Licenzas. Recóllense tódolos cambios derivados da aplicación da Licenza única así como o distinto tipo de Licenzas. Modifícase tamén a Normativa sobre todo no Artigo 46 que fai referencia ao cambio de clubs salvaguardando así os dereitos dos menores de idade.
- No Capítulo IV Secretarías e Comités Técnicos establecemos IV.1. Secretaría Técnica de Xuíces. Función que xa viñamos realizando pero que non estaba recollida nos nosos regulamentos.
- No Capítulo IV.2. Comités técnicos por especialidades engadimos a Ximnasia Estética xa reconhecida como modalidade desta federación pola Secretaría Xeral para o deporte e as modificacións pertinentes dos distintos comités técnicos.





Federación Galega de Ximnasia

(ESTADIO DO COUTO) Rúa Carlos Maside s/n 32002 OURENSE Tlf. 988 238 999
www.ximnasia.com - info@ximnasia.com



- No Capítulo V Actividades de Tecnificación ampliáanse os regulamentos referentes ás xornadas de Tecnificación así como as relativas a concentracións convocadas pola F.G.X.
- No Capítulo VII Oficialidade dunha Competición. Modifícanse substancialmente os artigos de dito capítulo recollendo as normas para acadar a oficialidade dunha competición.
- Capítulo VIII Competición Non Oficial recóllese o carácter de dita competición así como a lembranza da lei que debe ser cumprida.
- Capítulo IX, X, XI son capítulos de nova creación para regular a Normativa xeral de Competición, a utilización de logos federativos, o Réxime Disciplinario e Xurisdiccional así como a Disposición Final.

A Xunta Directiva aproba as modificacións dos Regulamentos.

3º.: Normativa Licenzas 2017

A Normativa de Licenzas 2017 non varía con respecto a anos anteriores. Unha vez consultada a posible subida do Seguro Deportivo, a compañía informounos que está prevista unha subida do mesmo en torno a un ou dous euros. Polo que estimamos non subir os prezos da mesma. En caso de que a subida sexa moito maior, será comunicado en tempo e forma aos clubs, aínda que consideramos que é unha circunstancia improbable.

A Xunta Directiva está de acordo por unanimidade en este punto.

4º.: Aprobación Presuposto F.G.X. 2017

O proxecto de orzamento para a tempada 2017 queda reflexado no anexo II.

Están previstos uns ingresos de 330.079,00 Euros, distribuídos em Formación, Subvención da Secretaría Xeral para o Deporte, Licenzas, Ingresos por inscricións a Campionatos de España e Fondos Federativos.

Están previstos uns gastos de 330.079,00 Euros. O 19% corresponden a Gastos de Funcionamento (Gastos Correntes, Gastos de Reunións e Gastos de Representación Presidente e Xunta Directiva, Provisión Denuncia COSAGA) e o 81% corresponde a Actividades (Gastos Licenzas, Competicións, Tecnificación, Formación de Xuíces e Técnicos)

A Xunta Directiva aproba este punto por unanimidade.

7º.: Propostas e Preguntas

Non hai alegacións neste punto

E sen máis puntos que tratar, érguese a sesión sendo a 17:45 do día arriba indicado do que dou fé como Secretaria.

Asdo.: Cristina Sánchez Martínez

Ourense, 10/12/2016

